



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL

Curso académico 2010-2011

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Deseño dun programa de intervención en
terapia ocupacional nas áreas de educación e
traballo no ámbito da saúde mental**

Isabel Otero García

1 de xuño de 2011

Titora: Carmen García Pinto

ÍNDICE

Resumo	2
Introdución.....	4
1. Marco teórico e conceptual	7
Xustificación.....	8
Bibliografía máis relevante	10
Hipótese	11
Obxectivos.....	11
Metodoloxía.....	12
1. Tipo de deseño seleccionado.....	12
2. Mostra do estudo	12
3. Análise de datos	13
4. Limitacións do estudo	14
Plan de traballo.....	15
Aspectos éticos	23
Financiamento da investigación	24
Resultados.....	25
1. Plan de difusión dos resultados	26
Conclusións	27
Agradecementos	28
Bibliografía.....	29
Anexos.....	32

RESUMO

Introdución: o comezo da enfermidade mental en idades temperás produce nas persoas alteracións nas áreas de educación e traballo.

Obxectivo principal: Desenvolver un programa de intervención para facilitar a recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

Metodoloxía: O estudo realizouse desde unha perspectiva cualitativa. Participaron na investigación sete usuarios do Hospital de Día de Psiquiatría. Os datos obtivéronse da revisión das historias clínicas, reunión coa traballadora social, entrevistas semiestruturadas e observación directa do participante.

Resultados: As persoas do Hospital de Día de Psiquiatría de Oza presentan interrupción nas áreas de educación e traballo e mostran interese por recuperar as habilidades necesarias para volver a estudar e exercer un traballo. Os resultados son obtidos a través dun cuestionario de satisfacción.

Conclusións: A recuperación destas áreas é importante para mellorar a calidade de vida do usuario. Considero que é necesario para a profesión e para os usuarios continuar investigando nestas áreas para aumentar os escasos estudos publicados e para a integración social do doente.

Palabras clave: Terapia ocupacional, traballo, educación, saúde mental.

ABSTRACT

Introduction: the onset of mental illness at an early age produces changes in education and work.

Main objective: To develop an intervention program to facilitate to the recovery of the skills needed to return to education and/or work.

Methodology: The study was made from a qualitative perspective. Participants were seven users of the Hospital de Día de Psiquiatría de Oza (Day Hospital of Psychiatry Oza). Data were obtained from reviewing the clinical histories, meeting with the social worker, interviews and direct observations of the participants.

Results: The people from the Hospital de Día de Psiquiatría de Oza (Day Hospital of Psychiatry Oza) have interruption in education and work and show interest in obtaining the necessary skills to go back to school and/or pursue a job. Results are obtained through a satisfaction questionnaire.

Conclusions: The recovery of necessary skills to go back to school and/or pursue a job is important for improving the quality of life of the user. I believe it is necessary for the profession and users continue to investigate these areas to increase the amount of published studies and also to increase the social integration of the patient.

Keywords: Occupational Therapy, work, education, mental health.

INTRODUCCIÓN

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como *“un estado completo de benestar físico, psíquico e social e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades”*. Está relacionada coa promoción do benestar, a prevención de trastornos mentais e o tratamento e rehabilitación das persoas afectadas por ditos trastornos.¹

Tamén define a saúde mental como *“a forma de relacionarse con outros na familia, no traballo, no ocio e na comunidade en xeral”* e a enfermidade mental como *“unha alteración de tipo emocional, cognitivo ou de comportamento, que lle dificulta á persoa a súa adaptación ao seu entorno social e crea malestar subxectivo”*.²

Existe unha clasificación internacional de enfermidades (CIE 10) onde se agrupan os diferentes trastornos mentais.³

Pero, que relación ten a terapia ocupacional coa enfermidade mental? Segundo o libro branco da terapia ocupacional, esta profesión é unha disciplina que ten como obxecto de estudo a ocupación e que recorre a ela como instrumento terapéutico. Cando existe un problema de saúde mental, o usuario ten desorganizada a súa rutina diaria que abarca todas as áreas ocupacionais. Estas son diversas actividades na que os usuarios participan, incluíndo as seguintes categorías: actividades da vida diaria, actividades instrumentais, educación, traballo, xogo, lecer e participación social.^{4,5} É habitual considerar que ata que non se adquiran suficientes competencias en aspectos básicos da vida diaria como a hixiene e o coidado persoal, entre outras, non é posible achegarnos a outras áreas máis complexas como a educativa e laboral.⁶

Como me centrarei nestas dúas últimas áreas, comezarei analizando a realidade da situación.

Moitas das enfermidades mentais teñen o seu inicio en momentos críticos da historia formativo-laboral da persoa e impiden que esta poda finalizar os seus estudos, acceder ou manter os empregos.⁷

Segundo os autores José A. Aldaz e Carmelo Vázquez no libro *Esquizofrenia: fundamentos psicológicos y psiquiátricos de la rehabilitación*, as persoas cunha discapacidade psíquica non conseguen continuar cos estudos. Durante o curso da enfermidade, os usuarios tratan de se reintegrar ao programa escolar que interrompen, pero encóntranse coa imposibilidade de o facer e incluso son desanimados no seu intento polas súas propias familias. Aínda que o 35% das persoas entrevistadas nunha sondaxe nacional indica que intentaron realizar algún tipo de formación académica despois do comezo da súa enfermidade, soamente o 8% remataron esta formación.⁸

Segundo datos do INE 2003, dos 2.339.200 de persoas con discapacidade entre 16 e 64 anos que hai en España, o 7,5% son analfabetas, o 51,2% remataron a educación primaria, o 22,1% fixeron estudos secundarios de primeira etapa e o 19,2% completaron estudos secundarios ou superiores.²

Desde paradigmas fundamentais da Terapia Ocupacional, pódese elaborar unha definición que se basee no traballo como actividade produtiva entendendo *“as actividades produtivas como aquel conxunto de actividades humanas, nas que a persoa achega os seus intereses, capacidades e coñecementos, e en que mediante o uso dos recursos dispoñibles, permite obter ou prestar certos produtos, bens ou servizos. Coa execución das ditas actividades, a persoa obtén algún tipo de compensación material, psicolóxica e social.”* (Sánchez R, O. e Romero A, D. 2001).⁹

Na Constitución Española (CE) no capítulo II, sección 2, artigo 35, punto 1, encontramos os fundamentos sobre o recoñecemento dos deberes e dos dereitos de todos os españois: *“Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, a libre elección de profesión ou oficio, a promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo”.*¹⁰

A Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI), lei 13/1982 do 7 de abril, que no artigo 37, di que *“será finalidade primordial da política de emprego de traballadores minusválidos a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa integración ó sistema produtivo mediante a fórmula especial de emprego de traballo protexido que se menciona no artigo 41”*.¹¹

O emprego é un dos principais ámbitos de estigmatización: só o 5% das persoas cunha enfermidade mental ten un emprego regular, e o 44% asegura que sufriu algún tipo de discriminación laboral.¹²

Na situación de desemprego inflúen moitos factores que podemos dividir en tres grupos:

- As dificultades derivadas da situación do mercado de traballo.
- As derivadas do prexuízo social.
- As derivadas da propia enfermidade.

Nos estudos realizados en diferentes países de Europa, constatouse que o desemprego nas persoas cunha enfermidade mental está arredor do 90%.^{13, 14}

Segundo datos do Censo de persoas con incapacidade, órgano dependente da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, o número de persoas incapacitadas en Galicia, como consecuencia dalgún trastorno mental, ascende a 24.447 persoas, onde os máis afectados están na cidade da Coruña con 9.020. O rango de maior afectación é de 30-49 anos e o de menor de 0-17 anos (táboa I).¹⁵

	0-17 anos	18-29 anos	30-49 anos	50-64 anos	>65 anos	TOTAL
A CORUÑA	61	569	3.224	3.410	1.756	9.020
LUGO	10	155	1.230	1.198	771	3.364
OURENSE	40	179	1.152	1.152	741	3.264
PONTEVEDRA	113	719	3.567	2.969	1.431	8.799
TOTAL	224	1.622	9.173	8.729	4.699	24.447

Táboa I. A situación en Galicia (FEAFES).

1. Marco teórico e conceptual

A terapeuta ocupacional do Hospital de Día de Psiquiatría (HDP) realiza a súa intervención centrándose no Marco de Traballo para a práctica da Terapia Ocupacional. Por tanto, este mesmo é o que se utiliza para realizar as entrevistas ás persoas que participan no estudo.

Este marco consta de oito áreas de desempeño ocupacional: actividades da vida diaria (AVD), actividades instrumentais da vida diaria (AIVD), educación, traballo, xogo, lecer e participación social. Tamén consta de apartados que se centran en: habilidades de desempeño (habilidades motoras, de procesamento e de comunicación), patróns de desempeño (hábitos, rutinas e roles), entornos (cultural, físico, social, persoal, espiritual, temporal e virtual), demandas da actividade e características do cliente (funcións corporais e estruturas corporais).

Elixiuse este marco porque ten unha visión holística da persoa xa que para realizar unha avaliación ocupacional é necesario ter en conta todo o descrito anteriormente. Ademais, cóntase en todo momento coa persoa e o seu entorno. O usuario é quen decide as ocupacións e as actividades que son significativas para el e sobre as que se vai traballar.⁵

XUSTIFICACIÓN

Os programas son instrumentos de traballo, intervencións sistemáticas que se caracterizan por especificar cales son os obxectivos que hai que alcanzar, por determinar que actividades hai que realizar para alcanzalos e por avaliar os seus resultados.¹³

Cal é o motivo da creación dun programa de intervención de terapia ocupacional nas áreas de educación e traballo no ámbito da saúde mental?

Despois de realizar 400 horas de prácticas no hospital de día de psiquiatría de Oza e de revisar as historias clínicas, puiden comprobar que a enfermidade mental produce unha disfunción nas áreas de educación e traballo. Actualmente, hai 35 usuarios e todos eles se viron obrigados a interromper as actividades académicas e laborais debido aos síntomas da enfermidade que están a padecer. Estes últimos anos notouse unha diminución na idade media dos doentes ingresados no HDP.

Por outro lado, no centro impártese un programa no que só se desenvolven actividades da vida diaria, actividades instrumentais da vida diaria e ocio/lecer. As áreas de educación e traballo non están incluídas nel.

Tamén cómpre destacar que existen moitas dificultades para integrar unha persoa cun problema de saúde mental, pero non todas elas se atribúen á persoa ou á enfermidade que padecen, senón que veñen provocadas polo entorno. Unha desas dificultades é o estigma que sofren as persoas deste ámbito. A maioría dos empresarios manifestan un concepto estereotipado do discapacitado psíquico, o que consideran pouco produtivo e moitas veces de rexeitamento absoluto. As pensións das que son beneficiarias moitos dos usuarios, adoitan desmotivalos xa que teñen medo a perdelas ao se poñeren a traballar.^{8,7}

Os terapeutas ocupacionais consideramos que o desempeño dunha actividade académica ou laboral asóciase coa posibilidade de incrementar os intercambios sociais, así como, a integrar ao usuario na sociedade .

BIBLIOGRAFÍA MÁIS RELEVANTE

Este traballo elaborouse a partir dunha busca bibliográfica, manual e electrónica, que me serviu para orientar a investigación.

As palabras clave utilizadas foron: terapia ocupacional, saúde mental, datos estatísticos, traballo, educación, lexislación, integración sociolaboral...

As diferentes referencias bibliográficas obtivéronse a través de diferentes medios: catálogo da UDC, Dialnet, buscador de Google, CSIC, Pubmed, revistas electrónicas como neuropsiquiatría, TOG, The American Journal of Occupational Therapy...

Unha vez dito isto, comezarei a desenvolver os obxectivos do proxecto do programa de intervención.

HIPÓTESE

Estudarase se, as persoas con unha enfermidade mental, conseguirán mellorar as habilidades necesarias para desenvolverse nos estudos académicos e o traballo.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EN TO

1. Obxectivos xerais:

- Desenvolver un programa de intervención para facilitar a recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

2. Obxectivos específicos:

- Manter hábitos de hixiene potenciando a importancia da imaxe corporal.
- Manter e mellorar as habilidades sociais necesarias para poder afrontar adecuadamente unha actividade educativa e laboral promovendo o uso da mirada e a linguaxe corporal.
- Potenciar a autonomía persoal destes usuarios e mellorar a súa calidade de vida.
- Potenciar hábitos básicos de traballo: de orde e limpeza, asistencia, puntualidade e responsabilidade.
- Aumentar a tolerancia ao esforzo.
- Aprender a manexar internet para obter información sobre cursos académicos e busca de emprego.
- Aumentar a incorporación destas persoas á vida laboral.

METODOLOXÍA

1. Tipo de deseño seleccionado:

Realizarase unha investigación cualitativa que é aquela que estuda os fenómenos no seu contexto natural, intentando encontrar o sentido ou a interpretación destes a partir dos significados que as persoas lles conceden. Esta será de tipo descritivo na que se utilizarán técnicas de tipo conversacional (entrevista semiestructurada) e documental (revisión de historias clínicas). A mostraxe será intencionada e razoada.

2. Mostra do estudo:

Para a elaboración do proxecto os criterios de inclusión e exclusión que se teñen en conta son os seguintes:

	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Usuarios	Estar ingresado no Hospital de Día de Psiquiatría de Oza.	Non estar ingresado no Hospital de Día de Psiquiatría de Oza.
	Que se encontren en idade de continuar estudos e traballo.	Que non se encontren en idade de continuar estudos e traballo.
	Que non cobren ningunha prestación económica nin pensión.	Que cobren unha prestación económica ou pensión.
	Que presenten unha ruptura na área de educación e traballo.	Que non presenten unha ruptura na área de educación e traballo.

Táboa II. Criterios de inclusión e exclusión.

Unha vez revisadas as historias clínicas e tras recoller a información exposta no cadro (Anexo I) e de manter unha conversación coa traballadora social do dispositivo, deducín que o HDP conta con 35 usuarios, dos cales 12 non cobran ningún tipo de pensión nin prestación económica.

Antes de comezar a elaborar o programa, avaliei aos doentes a través dunha entrevista semiestruturada (Anexo II).

De doce usuarios foi posible entrevistar a sete. Un dos doentes asinou o consentimento pero logo cando empecei a desenvolver a entrevista agonouse e non quixo continuar. Os catro restantes non estaban capacitados para contestar as preguntas debido o seu estado psicopatolóxico. Por tanto, a mostra que participa no estudo redúcese a sete usuarios (U) que se denominan U1, U2, U3, U4, U5, U6, U7. Os criterios de inclusión e exclusión resúmense na táboa II.

3. Análise de datos:

A selección e a interpretación da información realizouse por parte dunha investigadora. A investigadora revisou e recolleu datos de todas as 35 historias clínicas para seleccionar a mostra de estudo. Tamén tivo unha reunión coa traballadora social do HDP para coñecer o número de usuarios que cobran unha pensión ou prestación económica, así como, os requisitos de cada tipo. Finalmente, interveñen no estudo sete usuarios que son entrevistados para obter información e para confirmar que as historias clínicas son fiables.

Das historias clínicas obtivéronse datos dos participantes como:

- A idade do comezo da enfermidade está comprendida entre os 15 e os 27 anos.
- Cinco dos participantes teñen un diagnóstico médico de esquizofrenia paranoide mentres que os dous restantes presentan un trastorno esquizoide da personalidade.

- Toda a mostra de estudo ten interrompidas as actividades formativas e laborais.

Dos sete entrevistados no proxecto, unha era muller e seis homes. A idade da muller é de 49 anos e a idade media dos homes é de 25 anos. Os entrevistados presentan idades comprendidas entre os 19 e os 49 anos. Todos os usuarios, excepto un, mostran máis desexos de volver a traballar que de volver estudar.

4. Limitacións do estudo:

Este estudo viuse limitado pola falta de tempo, polo tanto, debería continuarse para obter datos e comprobar se o programa cumpriu coa hipótese formulada.

PLAN DE TRABAJO

Cronograma:

A investigación realízase no HDP desde febreiro 2011 a outubro 2012.

Meses	Traballos realizados
Febreiro a abril 2011	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión bibliográfica para a realización do proxecto. - Solicítanse os permisos necesarios e envíase a proposta de estudo ó Comité de Ética Asistencial. - Creación das entrevistas e dunha táboa para a obtención de datos das historias clínicas. - Infórmanse aos usuarios do estudo, coa correspondente sinatura do consentimento informado. - Revisión de historias clínicas e reunión ca traballadora social.
Abril a maio 2011	<ul style="list-style-type: none"> - Selección dos usuarios despois de revisar as historias clínicas e coñecer o tipo de situación económica na que se encontran. - Realización de entrevistas con usuarios que cumpren os criterios de inclusión. - Avaliación inicial dos usuarios. - Creación do programa de intervención.
Xuño 2011 a agosto 2012	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación do programa no hospital de día de psiquiatría. - Observar se os usuarios melloraron as súas habilidades académicas e laborais a través dun cuestionario ou entrevista.
Agosto a outubro 2012	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar un informe final con todos os datos recollidos e os resultados obtidos. - Publicación.

Táboa III. Cronograma.

Despois de analizar a situación e de realizar unha avaliación inicial dos participantes, comézase a desenvolver o programa de intervención.

O programa divídese en dúas partes: taller de habilidades necesarias para retomar o rol de estudante e taller de actividades prelaborais. Inclúiranse no programa do centro con horario de 13.00 a 14.00 h de luns a venres (táboa IV).

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:00-10:00	Reunión de grupo	Reunión de grupo	Sesi3ns de formaci3n do Servizo de Sa3de Mental	Reun3n de grupo - Visitas a domicilio	Reun3n de grupo
10:00-11:00	Talleres Ocupacionais	Mantemento de actividades f3sicas	Grupo de lectura	Xornal "Algo se di"	Mantemento de actividades f3sicas
11:00-11:30	Grupo de caf3				
11:30-12:00	Actividades ocio e tempo libre AVD Hixiene Dental				
12:00-13:00	Talleres Ocupacionais	Talleres - AVDI mantemento da roupa	Talleres Ocupacionais - AVD Coci3a - AVDI mantemento da roupa	Lectura de xornal "Algo se di" - AVD Coci3a	Grupo de lectura - AVD Coci3a - Grupo de h3bitos de vida saudable
13:00-14:00	<u>Taller de educaci3n e taller de traballo</u>				
14:00-15:00	Reun3n de equipo				
Sa3das terap3uticas mensuais					

T3boa IV. Horario das actividades que se imparten no HDP.

No HDP desenvólvese un taller de actividades da vida diaria (AVD) e actividades instrumentais da vida diaria (AIVD) pola terapeuta ocupacional do centro. Os usuarios que non teñan alcanzados os obxectivos deben continuar coas sesións, traballando as ditas áreas, xa que a imaxe corporal é un aspecto moi importante para evitar a discriminación e asistir aos estudos académicos ou a un traballo.

PROGRAMA EDUCACIÓN:

O taller de habilidades necesarias para recuperar o rol de estudante levarase a cabo entre os meses de xuño e novembro de 2011. Consiste no desempeño de varias actividades:

Taller 1. Técnicas para favorecer o aprendizaxe.

A idea do taller é explicarlle ó usuario as diferentes técnicas de estudo para facilitar a adquisición de habilidades de coñecemento e de información.

Realizarase un taller de lectura no que se escollerá cada semana un tema que lles interese. A continuación, poñeranse en práctica as seguintes técnicas e farase unha posta en común.

1. Técnicas de análises: son o conxunto de técnicas que axudan a localizar as ideas ou conceptos máis importantes. As principais técnicas de análises son as de lectura, as anotacións na marxe, as notas e o subliñado.
2. Técnicas de sínteses: son o conxunto de técnicas que serven para extraer e estruturar as ideas esenciais dun texto. As principais son o esquema, o cadro sinóptico, o mapa conceptual e o resumo.
3. Técnicas de manexo de información: son un conxunto de técnicas relacionadas coa busca e a elaboración da información. As principais son a busca no dicionario, a toma de apuntamentos ou a ficha.

O usuario aprenderá a utilizar o dicionario a través de xogos grupais.

Taller 2. Presentacións orais.

Unha vez realizado o taller de técnicas para favorecer a aprendizaxe, comezaremos coas presentacións orais. O usuario seleccionará un tema actual que o motive e explicarallo ao resto do grupo. Estes preguntaranlle as dúbidas que tiveren sobre a exposición. O obxectivo do taller é fomentar a participación social e relacionarse co grupo.

Taller 3. Manexo de tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).

Faránselles unhas probas para coñecer o nivel de informática que ten cada participante. Ademais, aprenderáselles a manexar o Microsoft Word, Microsoft Power Point para a elaboración de presentacións, esquemas, resumos...

Tamén, a escribir adecuadamente cun programa de mecanografía denominado "Garsoft Mecawin 1.8" e a manexar internet.

Finalmente, explicaráselles como se manexa o teléfono, o fax, a fotocopiadora e mais a impresora.

Taller 4. Busca de cursos e oposicións.

Este taller realízase co obxectivo de que o usuario coñeza diferentes vías que o informen, sobre todo, de cursos gratuítos. Ademais, dous dos sete usuarios entrevistados teñen vontade de facer cursos (U2: curso de música e de inglés, e U6: curso de informática).

Taller 5. Charlas informativas para a obtención do graduado escolar.

Como dous usuarios non teñen o graduado escolar, propónse que busquen información sobre os requisitos que se deben cumprir para acceder á Educación Secundaria de Adultos (ESA) e realicen unha charla informativa. Finalmente, farase unha posta en común.

Taller 6. Manexo de documentos.

Os usuarios aprenderán a inscribirse en cursos, entre outras cousas, cubrindo e entregando os papeis adecuadamente dentro dun prazo limitado.

PROGRAMA TRABALLO:

O taller de actividades prelaborais levarase a cabo entre os meses de novembro de 2011 e maio de 2012. Divídese en:

Taller 1. Taller de habilidades sociais.

A idea do taller sería saber actuar ante diferentes situacións que se poden chegar a enfrontar (entrevistas de traballo, presentacións, etc). Para iso, utilizamos a técnica do role playing que consiste na dramatización de situacións, ensaio de roles ou representación de condutas. É unha técnica que se inscribe nas de dinámica de grupos e que se fundamenta na transferencia de vivencias. Na escenificación, os participantes desempeñan papeis ou roles distintos aos que teñen asignados na situación real. A asunción dunha determinada conduta, rol ou papel (poñerse en lugar de) facilita a comprensión dos problemas que comporta e das estruturas psicosociolóxicas que o configuran.^{16, 17}

Antes de comezar coa práctica, explicaráselles aos usuarios como debe ser unha entrevista de traballo, o que se debe ou non responder, as preguntas que se adóiten facer, como se deben comportar, etc. Logo,

representarase por parellas. Un doente terá o rol de entrevistador e outro o de entrevistado e viceversa. Finalmente, o grupo analizará a situación e farase un debate sobre o que incluírían na entrevista e o que quitarían.

Taller 2. Charlas informativas sobre busca de emprego.

Informarase ao doente sobre métodos que existen para encontrar emprego e as vantaxes e desvantaxes que presenta cada un.

Os métodos son: internet, radio, televisión, prensa, servizos de emprego dos concellos, centros de formación da muller, axencias de colocacións de ONG's, oficina do INEM, empresas de traballo temporal (ETTs) e FEAFES.

Tamén se impartirán charlas sobre o traballo protexido: limpeza e mantemento do xardín.

Taller 3. Realización de currículos e carta de presentación.

Explicaráselle ao doente como se fai un currículo e unha carta de presentación. Finalmente, o usuario deberá poñer os seus coñecementos en práctica entregando un por escrito e realizando un role playing da situación.

Taller 4. Práctica de postos de traballo.

O obxectivo deste taller é que a través dunha ocupación potencien os hábitos básicos de traballo: de orde e limpeza, asistencia, puntualidade e responsabilidade.

Os usuarios que teñan unha profesión practicarana no HDP mentres que os doentes quen non a tiveren propoñeráselles que escollan unha ocupación significativa para eles, como por exemplo, traballos de mantemento do xardín (elaboración dun caderno técnico, mantemento xeral, plantación, abono...); traballos de carpintería, ebanistería e

bricolaxe; traballos de pintura e restauración; traballos de mantemento das instalacións, etc. ¹⁸

Tamén se utilizará o grupo de café (xa que existe o rol de cobrador, de camareiro, cociñeiro e o equipo de limpeza) e o taller de cociña para potenciar os ditos hábitos xa que a todos os usuarios lles motiva e ademais dous dos participantes traballan neste ámbito.

No programa faranse sesións, grupais e individuais, que se adaptarán ás características de cada usuario.

ASPECTOS ÉTICOS

Para poder realizar o proxecto de fin de carreira, pedíuselle autorización ao médico do hospital de día de psiquiatría para poder realizar o estudo no centro (Anexo III).

Tamén se enviou a proposta ao Comité de Ética Asistencial do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Anexo IV) para que aproben o proxecto.

Así mesmo, os participantes da investigación foron informados e asinaron un consentimento de maneira voluntaria (Anexo V) para cedernos os seus datos persoais.

Segundo a LEI ORGÁNICA 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal, a información que puider descubrir a identidade dos usuarios manterase en todo momento baixo o segredo profesional.¹⁹

FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN

Orzamentos durante un ano e medio, que é o que dura o estudo.

INVENTARIAL	3 Ordenadores Impresora multifunción 1 Teléfono móbil Cámara de fotos (inclúe vídeo)	1722 euros 150 euros 50 euros 159 euros
FUNXIBLE	Material de oficina: libretas de notas, bolígrafos, folios, CDs e DVDs, tinta, libros actualizados	2000 euros
DESPRAZAMENTO	Difusión de resultados	2000 euros.
VARIOS	Efectivo para gastos de liña telefónica Soldo terapeuta ocupacional	500 euros 1000 euros por 18 meses
TOTAL		24581 euros

Táboa V. Orzamento do estudo.

RESULTADOS:

Coa aplicación do programa espérase ver un aumento na recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

Os resultados do estudo serán obtidos tras a posta en marcha do programa de intervención, avaliarase o nivel de satisfacción dos usuarios e o cumprimento dos obxectivos propostos. O cuestionario será deseñado unha vez finalizado o programa e farase un seguimento dos usuarios para coñecer se conseguiron incorporarse ao ámbito formativo-laboral.

Despois de realizar unha busca bibliográfica, non se encontraron estudos que mostren a intervención da Terapia Ocupacional no ámbito educativo. Con respecto á área laboral, si que existen estudos como, por exemplo, "*Terapia Ocupacional y Rehabilitación laboral*" onde se manifesta que a maioría das enfermidades mentais ocorren en momentos críticos da historia formativo-laboral da persoa e impiden que esta poida finalizar os estudos, acceder ou manter un emprego. Neste estudo propónse o adestramento en actividades prelaborais para que poidan acceder a todo tipo de empregos: ordinario, emprego con apoio, protexido, etc.⁷

Por último, gustaríame destacar que o programa deste estudo foi ben recibido tanto por parte dos usuarios como dos profesionais. Segundo os entrevistados, manifestan interese por recuperar os hábitos de traballo e non tanto polos de estudo. O U1 afirma "*para min os estudos e o traballo foron unha etapa moi importante na miña vida*"; o U3 "*para min o traballo significa a economía, satisfacción persoal, entretemento... Gústame moito máis traballar que estudar!*"; U4 "*nunca traballei pero gustaríame moito. Nunca me gustou estudar por iso non significa moito para min*"; U5 "*para min traballar e estudar é como volver a encontrarme a min mesmo, coñecer compañeiros, compartir hobbies...*"; U6 "*si, gustaríame recuperar o traballo, a miña vida normal. É unha rutina diaria, hai que traballar! Tamén me gustaría volver a estudar, é como un hobby*"; U7 "*para min o traballo é*

saúde e estabilidade”. Só o U2 afirma que “non significa nada, prefiro estudar mellor porque a min só me gustan os traballos de poucas horas”.

1. Plan de difusión dos resultados:

- FEAFES (Federación de asociacións de familiares e enfermos mentais de Galicia).
- Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN).
- Federación Española de Asociacións de Rehabilitación Psicosocial (FEARP).
- Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais.
- Congreso de estudantes de Terapia Ocupacional.
- Congreso de profesores de Terapia Ocupacional.
- Congreso da ENOTHE.
- Revista de Terapia Ocupacional Galicia
- American Journal of Public Health
- Revista de Psiquiatría.
- Revista de Psicología.

CONCLUSIÓNS

Considero que é necesario para a profesión e os usuarios continuar investigando nestas áreas para aumentar os escasos estudos publicados e para a integración social do doente.

En canto ao contido do proxecto, realizouse o deseño dun programa de intervención en educación e traballo no ámbito da saúde mental destacando a importancia da intervención da terapia ocupacional nestas áreas, sempre co obxectivo de mellorar a calidade de vida do usuario.

Ademais, coa inserción laboral non só se alcanza independencia económica, senón que se ofrece unha forma directa de integrar, normalizar e rehabilitar as persoas que padecen enfermidades mentais cuxa inclusión social se encontra aínda minguada.

AGRADECEMENTOS

Desexo expresar o meu sincero agradecemento a todas aquelas persoas que colaboraron neste proxecto. E, en especial, aos usuarios do Hospital de Día de Psiquiatría de Oza e á terapeuta ocupacional deste dispositivo, Carmen García Pinto, pola súa supervisión e o seu apoio constante durante este proxecto.

BIBLIOGRAFÍA

1. Mental Health [Internet]*. World Health Organization (WHO); 2010 [acceso 10 de maio de 2011]. Schizophrenia. Disponible en: http://www.who.int/mental_health/management/schizophrenia/en/
2. Yelo Valero TC. El apoyo familiar para la integración laboral de las personas con enfermedad mental, una nueva forma de prevención en salud mental: una guía para familiares [Internet]. Murcia: Federación Murciana de Asociaciones de Familiares y Personas con Enfermedad Mental (FEAFES Región de Murcia); 2010 [acceso 2 de maio de 2011]. Disponible en: http://irati.pnte.cfnavarra.es/creena/blog_pdfs/apoyofamiliarintegracionlaboral.pdf
3. Psicología2000.com. Guía de psicología y salud mental [Internet]*. Psicología2000.com; 2003. [acceso 31 de marzo de 2011]. Disponible en: <http://trabajo2000.com/es/f20-esquizofrenia.html>
4. Conferencia nacional de directores de escuelas universitarias de terapia ocupacional. Libro blanco de la diplomatura en terapia ocupacional [Internet]*. Zaragoza: Conferencia nacional de directores de escuelas universitarias de terapia ocupacional; 2004 [acceso 14 de marzo de 2011]. Disponible en: http://www.udc.es/grupos/cndeuto/docs/libro_blanco_cndeuto_to.pdf
5. Jane Youngstrom M, Jane Brayman S, Arithony P. et all. Marco de trabajo para la práctica de la terapia ocupacional: ámbito de competencia y proceso. Am J Occup Ther 2002; 56: 1-61.
6. Durante Molina P, Noya Arnaiz B. Terapia ocupacional en salud mental: principios y práctica. Barcelona: Masson; 1998.
7. Franco Baguer E. Terapia Ocupacional en Rehabilitación Laboral. TOG (A Coruña) [revista en Internet]* 2009. [acceso 28 de abril de 2011]; 6 (5): 45-67. Disponible en: <http://www.revistatog.com/suple/num5/rhbl.pdf>

8. Aldaz JA, Vázquez C. Esquizofrenia: fundamentos psicológicos y psiquiátricos de la rehabilitación. 1ª ed. Madrid: Siglo Veintiuno de España; 1996.
9. Sánchez Rodríguez O. Seminario de rehabilitación laboral de personas con enfermedad laboral [Internet]*. Madrid: psicossocialart.com; 2006. [acceso 24 de febreiro de 2011]. Disponible en:
<http://www.psicossocialart.es/documentacion/word/seminariorehlab.pdf>
10. Constitución Española. RCL 1978/2836 Legislación consolidada. 27 de diciembre 1978. Boletín Oficial del Estado, nº 311, (29-12-1978).
11. Ley de Integración Social de los Minusválidos. Ley 13/1982 de 7 de abril. Boletín Oficial del Estado, nº 103, (30-04-1982)
12. Confederación Española de Agrupaciones de Familiares y Personas con Enfermedad Mental (FEAFES). Salud mental y medios de comunicación: guía de estilo [Internet]*. FEAFES; 2008 [acceso 9 de maio de 2011]. Disponible en:
http://www.msps.es/ciudadanos/saludMental/docs/Salud_Mental_Guia_de_estilo.pdf
13. Verdugo MA, López D, Gómez A, Rodríguez M. Rehabilitación en salud mental: Situación y perspectivas. 1ª ed. Salamanca: Amarú; 2002.
14. López Álvarez S, Laviana Cuetos M, Álvarez Jiménez F, González Álvarez S, Fernández Doménech M, Vera Peláez MP. Actividad productiva y empleo de personas con trastorno mental severo. Algunas propuestas de actuación basadas en la información disponible [Internet]*. [acceso 4 de abril de 2011]. Disponible en:
<http://www.faisem.es/contenidos/publicaciones/articulos/Art%C3%A9culo%20Laboral%20RevAEN89.pdf>
15. FEAFES Galicia. A situación en Galicia. [Internet]*. 2011 [acceso 12 de abril de 2011]. Disponible en:

http://www.feafesgalicia.org/index.php?option=com_content&task=view&id=16&Itemid=32

16. Medicina.com. Definiciones de medicina. [Internet]*. 2011 [acceso 12 de maio de 2011]. Disponible en:
<http://www.definicionesdemedicina.com/role-playing/>
17. Hughes PL, Mullins L. Manual de terapia ocupacional en psiquiatría: ejercicios para desarrollar habilidades para la vida diaria. México: Limusa; 1990.
18. Blanco F, Lamy N, Martínez F, Martín MA. Rehabilitación laboral y enfermedad mental. Terapia-Ocupacional.com [Internet]*. [acceso 25 de maio de 2011]. Disponible en: http://www.terapia-ocupacional.com/articulos/RhbLaboral_enfermedad_mental.shtml
19. Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal. Ley 15/1999, de 13 de diciembre. Boletín Oficial del Estado, nº 298, (14-12-1999).

ANEXOS

ANEXO. I**TÁBOA DE RECOLLIDA DE DATOS DAS HISTORIAS CLÍNICAS**

Usuario	
Data de nacemento	
Diagnóstico médico	
Antecedentes familiares	
Número de ingresos na UHP e motivos	
Número de ingresos no HDP e motivos	
Idade de inicio da patoloxía	
Estudos	
Traballo	
Grao de discapacidade e tipo de prestación económica	

ANEXO II.

ENTREVISTA:

1. En que ano comezou a enfermidade?

2. Que lle ocorreu?

3. Que sabe da súa enfermidade?

4. Cando comezou a enfermidade, estaba estudando ou traballando?

5. Que estudos ou traballos realizou? Realizou algún curso? Cal?

6. Logrou continuar cos estudos ou traballo?

7. Cantos intentos fixo para incorporarse de novo aos estudos ou ao traballo?

8. Canto tempo durou cada intento?

9. Gustaríalle recuperar os hábitos de estudo ou traballo? Que significaría para vostede?

10. Que clase de estudos ou traballos lle gustaría realizar?

11. En que situación se encontra? (pensionista, en paro, baixa laboral, etc).

12. Que grao de minusvalía ten? Que tipo de prestación cobra?

13. É independente no manexo do diñeiro? (se for dependente, quen llo manexa?)

ANEXO III.

Dr/Dra....., xefe do departamento de psiquiatría.

Solicitud:

Eu, Isabel Otero García, estudante de Terapia Ocupacional da Facultade de Ciencias da Saúde na Universidade da Coruña (UDC) e alumna de prácticas no Hospital de Día de Psiquiatría en Oza, titorizada pola profesora Carmen García Pinto, solicito autorización para realizar o proxecto de fin de carreira neste centro denominado *“Deseño dun programa de intervención en terapia ocupacional nas áreas de educación e traballo no ámbito da saúde mental”*. O obxectivo principal é desenvolver un programa de intervención co fin de facilitar a recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

O manexo dos datos obtidos será totalmente confidencial.

Unha vez lido isto, autorizo a Isabel Otero García para a realización do proxecto de fin de carreira, cuxo título foi mencionado anteriormente.

Dr/Dra.....con
DNI.....

Sinatura

Data

ANEXO IV.

COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL:

Autora: Isabel Otero García

Descrición do proxecto:

Este estudo forma parte da materia Proxecto Fin de Grado de 4º curso de Terapia Ocupacional. Realizarase pola alumna Isabel Otero García, con DNI 45861159X titorizado por Carmen García Pinto, profesora da Universidade de A Coruña.

O obxectivo deste proxecto é desenvolver un programa de intervención para facilitar a recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

Realizarase no Hospital de Día de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña – Marítimo de Oza e os suxeitos do estudo serán doentes ingresados no centro.

A información obterase por medio de entrevistas semiestruturadas e as historias clínicas.

A información obtida será empregada exclusivamente para este estudo, e en todo momento tratarase respectando a confidencialidade e o anonimato dos participantes. Estes serán informados de todo o proceso de recollida de datos e, tras recibir a información e antes de realizar as entrevistas, deberán asinar o consentimento informado.

Posteriormente, os datos serán analizados, e procederase a establecer categorías que axuden a realizar o programa de intervención.

ANEXO V.**DECLARACIÓN DO CONSENTIMENTO INFORMADO**

PARTICIPACIÓN E CESIÓN DE DATOS:

“Deseño dun programa de intervención en terapia ocupacional nas áreas de educación e traballo no ámbito da saúde mental”.

D/D.^a con DNI
.....

Doente que acode ao Hospital de Día de Psiquiatría en Oza, A Coruña.

Descrición:

Vostede está invitado a participar nun proxecto de investigación sobre un deseño dun programa de intervención en terapia ocupacional nas áreas de educación e traballo no ámbito da saúde mental. Este proxecto será levado a cabo pola alumna de Terapia Ocupacional da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, Isabel Otero García con DNI 45861159X e titorizada pola profesora Carmen García Pinto.

O obxectivo principal desta investigación é desenvolver un programa de intervención para facilitar a recuperación das habilidades necesarias para retornar ao ámbito educativo e laboral nas persoas que presentan unha enfermidade mental.

O manexo dos datos obtidos será totalmente confidencial, polo tanto, en ningún momento se recoñecerá a identidade do doente.

Vostede terá o dereito de rexeitar a proposta en calquera momento.

Acepto participar, de forma voluntaria, no estudo “*Deseño dun programa de intervención desde terapia ocupacional nas áreas de educación e traballo no ámbito da saúde mental*”. Comprendín en que consiste o estudo e déuseme a posibilidade de aclarar todas as miñas dúbidas. Así como, cedo os datos da miña participación que resulten de interese para a realización desta investigación, autorizando desta maneira a posterior difusión deles, na Facultade de Ciencias da Saúde, dentro dun anonimato e confidencialidade estritos.

Nome do/a participante Sinatura Data

Nome da investigadora Sinatura Data